

INSTRUCCIÓN SOBRE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE DOS PROGRAMAS BENOURENSE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

PROGRAMA PROVINCIAL DE ASISTENCIA TÉCNICA, ECONÓMICA E XURÍDICA ÓS CONCELLOS E MANCOMUNIDADES EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCICIO 2017. (Programa BenOurense)

PROGRAMA PAI E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS (Programa BenOurense Infancia)

Nas bases reguladoras publicadas no BOP de data 14 de xaneiro de 2017, recóllese como obriga das entidades subvencionadas á de *“identificar os Servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense(...)”*

A tales efectos teranse en consideración e serán de obrigado cumprimento o disposto nestas Instrucións:

PRIMEIRA.- Nos centros/concellos/sedes onde se desenvolvan actuacións e/o traballen os profesionais subvencionados polos programas BenOurense e/o BenOurense infancia deberase colocar un cartel identificativo, nun lugar de acceso ó público, exterior e con suficiente visibilidade. no que se faga constar a cofinanciación da Deputación de Ourense.

O MODELO DE CARTEL ESTA SUBIDO Á WEB

SEGUNDA.- Calqueira documento relativo e/ou vinculado coas actuacións ou profesionais subvencionados con cargo ao programa BenOurense e/o BenOurense Infancia, incluído comunicacións escritas aos/as beneficiarios/as ou calqueira outro análogo levarán de forma visible a constancia da cofinanciación da Deputación de Ourense, programa BenOurense

No caso de que, con motivo dalgunha das actividades e/ou participación dalgun dos técnicos subvencionados polo programa BenOurense e BenOurense infancia se realicen certificados de asistencia, diplomas acreditativos, premios ou calquera outra clase de recoñecemento impreso, haberán de contar o logo oficial da Deputación de Ourense, programa BenOurense, nun lugar visible e con un tamaño proporcionado ao resto dos logos que nel se reseñen.

TERCEIRA.- En caso de que a información se realice de forma electrónica (páxina web, comunicación por mail e outros), e/ou material audiovisual (publicidade en radio, presentación pública etc) aplicarase, por analogía, o antedito en relación a carteis e/ou publicacións físicas.